


Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), como todos sabemos, é un poeta primordial. Pertencente á denominada “Xeración dos oitenta”, algúns títulos da súa producción figuran entre o esencial do do publicado por aquel grupo. A súa carreira, por todos é sabido, está matizada de premios numerosos e de constante recoñecemento. O libro que agora comentamos, *Adeus Norte* (premio Esquío no ano 1991), ademais de ser unha reedición dunha obra esgotada desde hai anos, constitúe a súa versión definitiva.

Estamos diante do mellor Ramiro Fonte, aquel que esculpe con man de ourive versos de brunido ritmo, cunha cadencia moi ben articulada. Así, sabiamente combinados, encontramos hendecasílabos, alexandrinos, heptasílabos e pentasílabos, erixindo unha liña melódica nunca monótona, ferazmente musical. Desde unha perspectiva temática, o intimismo do noso artista debía xa ter sido analizado pola inexistente crítica galega para ir delimitando dunha vez os tránsitos polos que se adentra o seu rico lirismo. En todos os seus versos late unha frescha, a da melancolía, froito da vivencia do tempo que nos vai levando secretamente, que nos vai introducindo nun río de aflitivo destino sen dármonos conta até que, por calquera circunstancia (a morte, o encontro imprevisto con alguém que nos devolve ao pasado) descubrimos a súa vivencia e a súa destrucción inapelábel. Así podemos lelo: “Seica un día un rapaz que se entretína/contemplando o seu rostro/na auga das ribeiras,/viu como a auga o levaba e nada devol-



# Do Norte

## Poesía navegábel

 ROMÁN RAÑA

vía.”

O Narciso infantil que busca no espello o recoñecemento da súa propia cara, acaba engulido pola vertiginosa corrente do río do tempo. Cando ese espello fluvial nada reflite, o rostro que se vislumbra nas augas é o da morte, o dunha ausencia que se perpetúa.

A nostalxia, ese humor negro que empapa os melhores momentos do poemario, non só se produce coa consciencia do fluir temporal. Tamén os lugares que visitamos e nos visitaron poden ter cabida no corazón do artista. Así acontece en “O poeta recorda algún lugar do sur”, unha das melhores pezas do volume tanto pola perfección formal que exhibe como pola conmoción

POETA SEMPRE NOS  
CONDUCE CARA Á  
DESCUBERTA DA UNIDADE  
SECRETA DAS COUSAS, A  
TRAVÉS DA FECUNDA  
NITIDEZ DAS PALABRAS

reveladora que produce. Despois de alegar a posibilidade de atopar un lugar completo de felicidade (un patio, un cheiro do azañar) acaba: “Se os deuses permitisen/soñar alá contigo, partiría.”

Tamén é Fonte arquitecto de fermosos sonetos, “O príncipe da choiva”, “Poema dos amigos mortos”; de preciosos e sabios aforismos: “As rebelións más puras/son aquelas que nacen da inocencia”; de fondas reflexións sobre o malogro, “O inimigo”; sobre o amor que se truncá a penas inaugurado, “A renuncia”; de versos enchedos de profunda sabedoría sobre a fugacidade do tempo, “Litixios”; a insatisfacción do amante reflexivo, “Todas as medianoitres”, etc. O volume divídese en tres seccións. A primeira, “A sombra do artista adolescente”, indaga na convulsa e contraditoria elección que é a vida; a segunda, “Adeus norte”, explora máis ben territorios amorosos; a terceira, “Interior medianoite”, mantén a porta aberta ás dúas dimensións anteriores.

Poesía navegábel, transida por unha serena fluidez de río que nunca se interrompe, que sempre nos conduce á descuberta da unidade secreta das cousas, da fecunda nitidez dunhas palabras que nos din que somos transitórios, que a nosa vida acaba e que todo permanece baixo a sombra común dalgúns poemas. Neles está a vida, ese misterio da creación e da alegria, da turbación e do imprevisto encontro coa verdade, a verdade de sermos tempo tamén, mais tempo namorado.

---

FONTE, Ramiro, *Adeus Norte*, Ed.  
Deputación Provincial de Pontevedra, 2005,  
94 páxinas